

## Moción para declarar o concello Territorio Libre de paraísos fiscais

---

No Pleno do Concello de ....., o (os) grupo (s) municipal (ais) ....., presenta / n a seguinte Moción para declarar o concello **Zona Libre de paraísos fiscais**.

Os paraísos fiscais, como sistemas opacos polos que pasan a metade do comercio mundial, provocan disfuncións a nivel global e a nivel local. Con impostos próximos ao 0%, a elusión fiscal das grandes empresas a través dos paraísos fiscais supón unha discriminación económica para as pequenas e medianas empresas que non poden e/ou non queren facer uso deles. A elusión fiscal a través de paraísos fiscais tamén diminúe a recadación pública, polo que é máis difícil financiar o gasto de servizos sociais. Debido á súa opacidade, os paraísos fiscais facilitan o branqueo de capitais, a corrupción, o financiamento do crime organizado, de mafias e de grupos terroristas, o encubrimento de tráfico de armas e outras actividades contrarias aos dereitos humanos e ao ben común.

As graves consecuencias que levan os paraísos fiscais fixeron que diferentes actores internacionais (G7, G20, OCDE, UE) estean a tomar medidas para obrigar a un maior control sobre a utilización dos paraísos fiscais por parte de grandes empresas para eludir ou evadir impostos. Neste sentido, a OCDE estableceu que as empresas multinacionais teñan a obriga de presentar unha listaxe de todas as filiais en cada un dos países nos que opera así como os seus datos de actividade económica e pago de impostos en cada un destes países (Country-by-country reporting). O Goberno español incluíu este requirimento de información que as empresas han de presentar a partires de 2016 que, con todo, limita o alcance deste tipo de medida, xa que só se require a empresas que facturen máis de 750 millóns de euros ao ano e impídese que sexa información de divulgación pública.

Os concellos poden reducir o impacto global dos paraísos fiscais e tratar de modular o comportamento fiscal das empresas cara a prácticas responsables a través dun maior control dos concursos públicos locais, para que estes se dean en condicións de libre competencia, e non de dumping fiscal, e velando por un sostemento dos recursos públicos.

Por estes motivos, o Concello comprométese a:

1. Declarar o municipio territorio libre de paraísos fiscais, comprometéndose a dar os pasos necesarios para asegurar que os concursos públicos favorezan ás empresas que teñen condutas fiscais responsables, en detrimento das empresas que utilizan os paraísos fiscais para evadir ou eludir impostos.
2. Estudar, detectar e activar os mecanismos necesarios para dificultar a contratación de empresas privadas para prestar servizos públicos que teñan a súa sede social en paraísos fiscais ou sociedades que formen parte da matriz industrial domiciliada en paraísos fiscais.
3. Comprometerse a tomar as medidas de transparencia seguintes:
  - a. Facer público o compromiso desta moción á cidadanía do municipio, a Oxfam Intermón, aos grupos parlamentarios municipais e á comisión de economía da Comunidade Autónoma, aos gobernos da Comunidade Autónoma e de España, e ao Ministerio de Facenda;
  - b. Compartir con outros municipios e coa cidadanía a información relativa ás decisións sobre as empresas que recibiron puntos positivos e as que non, en función da súa responsabilidade fiscal.

4. Estes compromisos hanse de traducir na tramitación das disposicións legais necesarias para a súa articulación no prazo máximo de ..... meses desde a aprobación da presente moción.